

PLAN ESPECÍFICO DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL



ÍNDICE

1. CARACTERIZACIÓN DO CENTRO DIRECTIVO. DIAGNOSE DE SITUACIÓN.	4
1.1. Misión, visión e Valores	4
1.2. Organización e funcionamento do centro directivo ou entidade instrumental	25
1.2.1. Organización	25
1.2.2. Recursos humanos	30
1.2.3. Recursos orzamentarios	31
1.2.4. Marco normativo	36
1.2.5. Procesos e procedementos que aplica o centro directivo/entidade instrumental.	41
1.3. As medidas do “ciclo da fraude”	47
1.3.1. Medidas de prevención:	47
1.3.2. Medidas de detección:	48
1.3.3. Medidas de corrección:	49
1.3.4. Medidas de persecución:	50
1.4. Funcións e responsabilidades na xestión dos riscos	51
1.4.1. A consellería, os centros directivos/entidades instrumentais	51
2. COMPROMISO DE INTEGRIDADE E MARCO ÉTICO DA INTEGRIDADE INSTITUCIONAL	53
2.1. Medidas relativas ao compromiso institucional coa integridade, coa ética publica e coas medidas antifraude	53
Acción 2.1.1. A manifestación expresa dos responsables públicos	53
Acción 2.1.2. As referencias á integridade na planificación estratéxica ...	53
Acción 2.1.3. A difusión e a formación en materia de integridade institucional	54
2.2. Medidas relativas ao sistema de prevención de conflitos de interese.	54
Acción 2.2.1. Réxime xeral do conflito de intereses	54
Acción 2.2.2. Réxime especial do conflito de intereses para os altos cargos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia	54
Acción 2.2.3. Réxime especial do conflito de intereses para os funcionarios públicos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.	56



2.3. Medidas referidas ás canles de denuncias de irregularidades ou condutas de fraude.....	57
Acción 2.3.1. Difusión da canle de denuncias	57
2.4 Formación e compromiso coa competencia profesional dos empregados públicos.....	57
Acción 2.4.1. Formación específica nos centros directivos/entidades instrumentais que xestionen fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.....	58
3. IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE.....	58
3.1. Medidas relativas ao diagnóstico e análise dos riscos xerais da organización.....	58
3.1.1. Definición do risco e asunción dos riscos xerais da organización	58
3.2. Medidas para a aprobación dun plan de prevención de riscos e medidas antifraude por cada centro xestor.....	59
Acción 3.2.1. Metodoloxía para a avaliación do risco.....	59
Acción 3.2.3. Listaxes de verificación na aprobación dos expedientes financiados con PRTR	63
Acción 3.2.4. Mecanismos de detección a través de "bandeiras vermellas"	65
4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN	67
4.1. Seguimento, supervisión e avaliación.....	67
4.2. Actualización e revisión.....	67
4.3. Comunicación e difusión	68



1. CARACTERIZACIÓN DO CENTRO DIRECTIVO. DIAGNOSE DE SITUACIÓN

1.1. Misión, visión e Valores

O presente documento define os mecanismos que a Consellería de Política Social (en diante, a Consellería) ten previsto implantar como o seu Plan específico de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude (en diante, o plan).

Esta Consellería asume como propias as directrices e manifestacións realizadas no Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude aprobado por Acordo do Consello da Xunta de data 10 de decembro de 2021 (en diante, Plan Xeral).

A mellora continua na calidade dos servizos prestados, a atención ás necesidades de toda a cidadanía, e a transparencia e a integridade da actividade pública actúan como principios vertebradores que presiden a actividade desta consellería, e como tales son asumidos como compromisos de actuación dos seus órganos de dirección e dos empregados públicos que traballan no mesmo.

A Consellería de Política Social ten como misión garantir como dereito recoñecible e esixible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectiva das súas necesidades, a fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impiden ou dificultan a súa plenitude e facilitando a participación de todas e todos na vida política, económica, cultural e social.

Os servizos sociais son o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega.

Todos os centros directivos da consellería así como os seus entes instrumentais asumen o compromiso de actuar de conformidade cos principios de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao



marco xurídico e á cidadanía establecidos na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O criterios de integridade e ética pública no desempeño das actividades e no desenvolvemento da acción pública da administración autonómica son os principios asumidos expresamente polo goberno galego coa aprobación do Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión do 26 de maio de 2021, que a través de 24 medidas establece os elementos do marco de infraestrutura ética ao que se somete a acción do goberno, a dos seus responsables máximos e a do conxunto dos empregados públicos.

Á Consellería de Política Social é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponde, entre outras competencias, propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito do benestar, que engloban as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, atención ás persoas discapacitadas e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e as políticas de xuventude e voluntariado. (Decreto 216/2020, do 3 decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.)

Para o desenvolvemento das mesmas estrutúrase en distintos centros directivos e entes instrumentais a través dos que executa, entre outras, as seguintes funcións :

- a) A Secretaría Xeral Técnica, ten, entre outras, a función de dirixir e xestionar os servizos comúns da Consellería e velar pola organización, simplificación e racionalización administrativa e polo cumprimento das disposicións legais en materia de igualdade. Encárgase da tramitación dos expedientes de contratación administrativa cando se trate de obras, equipamentos, servizos e contratación centralizada, ou calquera outra figura contractual, que non estean expresamente atribuídos a outros órganos. Do mesmo xeito coordina a xestión económica e orzamentaria



así como exerce as funcións relativas ao rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais, o réxime de control, inspección, acreditación e sancionador dos mesmos.

b) A través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, desenvolve as seguintes funcións:

- exercer as políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia, á infancia e á adolescencia;
- protexer e tutelar as persoas menores en situación de risco ou desamparo así como executar as medidas ditadas polos xulgados de menores;
- exercer as políticas destinadas a favorecer e impulsar o crecemento demográfico, a renovación xeracional e a reverter o envellecemento poboacional;
- promover e adoptar as medidas que aseguren a conciliación corresponsable da vida persoal, familiar e laboral;
- impulsar a aplicación da perspectiva de xénero nas materias da súa competencia.

c) A Dirección Xeral de Inclusión Social é a encargada de exercer as políticas autonómicas en materia de servizos sociais, inclusión social e inmigración; exercer a potestade sancionadora no ámbito das súas competencias; así como o seguimento da xestión da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas-Funga.

d) A Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade encárgase do desenvolvemento de programas de atención a persoas maiores ou con discapacidade, así como da realización de accións de promoción da autonomía, co fin de facilitar a súa integración social a través de distintos servizos e prestacións que inciden no benestar destes colectivos. Esta dirección xeral ten como funcións as seguintes:



- Dirixir, impulsar, xestionar, planificar, coordinar, controlar e supervisar o conxunto das actuacións da Consellería de Política Social en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores, as persoas con discapacidade e persoas dependentes, en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, sen prexuízo das que lle correspondan á Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria.
 - A xestión e coordinación do funcionamento dos órganos colexiados de asesoramento e participación en materia de benestar social, nas competencias asumidas pola dirección xeral.
 - O exercicio da potestade sancionadora no ámbito das súas competencias, de conformidade coa normativa de aplicación.
 - A elaboración do anteproxecto de orzamento e da memoria de funcionamento correspondente ao órgano, así como a súa xestión, seguimento e avaliación e a elaboración de estatísticas nas materias da súa competencia.
- e) A Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria concentra competencias referidas á mellora dos procesos e procedementos, así como da humanización dos centros socio sanitarios, reforzando a formación continua do persoal e impulsando a mellora tecnolóxica e innovación que permita mellorar os servizos prestados. Esta dirección xeral tamén asume as competencias relativas á valoración do grao de dependencia e discapacidade, cun reforzo na súa estrutura para mellorar e axilizar a súa tramitación. Dentro das funcións desta Dirección Xeral podemos sinalar:
- Dirixir, Impulsar, xestionar, planificar, coordinar e avaliar o conxunto das actuacións da Consellería de Política Social en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores, ás persoas con discapacidade e ás persoas dependentes, en aplicación da lei 13/2008, do 3 de decembro, e da lei 39/2006, do



14 de decembro, sen prexuízo das competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, entre elas, a ordenación, a planificación, a innovación estratéxica dos recursos socio sanitarios e a coordinación e avaliación da súa actividade asistencial.

- Planificar as políticas da Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria nas materias de innovación tecnolóxica e investigación na xestión dos programas e servizos sociais, así como a iniciativa da proposta normativa nesta materia.
- A coordinación das iniciativas de I+D+i no ámbito das TIC sociais e a supervisión da/s plataforma/s tecnolóxica/s que dean soporte a estas actividades dentro do sistema de servizos sociais, sen prexuízo das que lle correspondan a outros órganos.
- Impulsar iniciativas de humanización e seguridade asistencial nos centros socio sanitarios.
- O fomento e planificación de actividades de formación continuada nos centros socio sanitarios.
- O impulso da efectividade e da eficiencia nos procesos asistenciais, e a promoción da seguridade, e da calidade e a súa mellora continua.

f) Dentro das funcións desenvolvidas dende a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, podemos sinalar:

- A planificación en materia de xuventude, especialmente a través do Plan estratéxico de xuventude de Galicia.
- O fomento da participación da xuventude na vida social.
- A coordinación e a supervisión do funcionamento das instalacións xuvenís, tanto as propias da Consellería como as dependentes doutras entidades, e a prestación da asistencia técnica necesaria para dar un servizo de calidade.



- O fomento da mobilidade xuvenil, dos intercambios xuvenís, tanto no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia como no resto do Estado e no ámbito internacional.
- A organización e o funcionamento do Instituto da Xuventude de Galicia e, no seo deste, da Escola Galega de Xuventude.
- O seguimento na xestión da Rede galega de información xuvenil e a súa promoción e desenvolvemento, en coordinación cos centros de información da Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas.
- A coordinación dos servizos prestados na Rede galega de centros de xuventude, os Espazo Xove.
- A xestión do rexistro autonómico das entidades xuvenís.
- A dirección e xestión das actuacións en materia de voluntariado.
- Impulsar a aplicación da perspectiva de xénero nas materias da súa competencia.

Dentro dos organismos adscritos á Consellería de Política Social atópase adscrita a Axencia Galega de Servizos Sociais (en diante a Axencia) creada polo Decreto 40/2014, do 20 de marzo. A Axencia é unha entidade instrumental de dereito público, dotada de personalidade xurídica pública, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, facultada para exercer potestades administrativas no marco do cumprimento dos programas correspondentes ás políticas públicas de servizos sociais, no ámbito das súas competencias.

Esta axencia ten como funcións, de conformidade co artigo 36 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, acadar un aproveitamento óptimo, así como racionalizar o emprego dos recursos dedicados aos servizos sociais, asegurando o maior nivel de eficacia e eficiencia na súa xestión e prestación; velar pola plena efectividade do principio de responsabilidade pública na prestación dos servizos sociais; xestionar equipamentos, prestacións económicas, programas e servizos sociais de competencia autonómica, así como coordinar o exercicio das actuacións públicas e privadas en materia de servizos sociais, promovendo



o establecemento de convenios, concertos ou calquera outra fórmula de coordinación ou cooperación que permita unha utilización óptima e racional dos recursos.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar é unha entidade de dereito público de carácter interadministrativo constituída pola Xunta de Galicia e os concellos galegos asinantes do convenio de colaboración para a constitución do Consorcio de data 3 de xullo de 2006 (DOG de 7 de xullo de 2006), así como aqueles outros concellos galegos incorporados ao Consorcio de acordo co establecido no artigo 33 dos seus Estatutos. Na actualidade está integrado por 286 concellos e 5 mancomunidades.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e dispón dun patrimonio propio.

No marco da Lei 13/2008 o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar concíbese así como un instrumento que permite canalizar a colaboración entre a Administración Autonómica e os concellos en materia de servizos sociais, ao estipular que *"...o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar promoverá a coordinación e cooperación efectiva cos concellos galegos a fin de asegurar una cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio de Galicia"*.

No Consorcio concorren todos os elementos necesarios para a súa consideración como consorcio autonómico que forma parte do sector público no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, ao ser a Comunidade Autónoma de Galicia quen financia maioritariamente o seu funcionamento, e ser ademais a Comunidade Autónoma a que ostenta o poder de decisión na actuación dos órganos de dirección e goberno do Consorcio.

O Consorcio é de natureza autonómica, e na súa condición de tal, é unha entidade instrumental que se integra no sector público autonómico, estando adscrito, polos seus fins e competencias, á Consellería de Política Social.



O Consorcio ten como misión primordial, segundo o artigo 6º dos seus Estatutos (DOG núm. 131, do 7 de xullo), a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local, con especial atención na xestión integral das escolas infantís e na atención educativa e asistencial aos nenos e nenas menores de tres anos na forma de recursos, equipamentos, proxectos, programas e prestacións, e no ámbito territorial dos municipios que o compoñen, co obxecto de:

- a) Garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente, que contribúa a reforzar a igualdade de oportunidades na utilización da rede social de atención.
- b) Incrementar de xeito notable a cobertura, intensidade e horario de atención dos distintos servizos e prestacións.
- c) Contribuír á mellora das condicións de vida e sociais das persoas que presentan especiais necesidades de protección social nos concellos galegos, ao respecto da súa autonomía persoal, e calidade de vida persoal, familiar e de grupo. Na mesma liña, prestarase especial atención ás familias que asumen tarefas de atención e coidado.
- d) Proceder a unha efectiva distribución dos servizos e prestacións a fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación, asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa, e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu contorno propio.

A súa vez a consellería desenvolve as súas actuacións axustándose as políticas definidas en distintos documentos de planificación estratéxica entre os que cabe salientar os seguintes:

- Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020
- Axenda Social Única de Galicia 2021-2024



- Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia 2021

Así, no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 establécense como obxectivos da Consellería os seguintes:

1. Garantir o dereito de todos os e as menores a vivir en familia e contribuír á revitalización demográfica e ás condicións que favorezan a natalidade.
 - Como indicador financeiro, favorecer as condicións necesarias para que as persoas menores poidan integrarse nunha familia ou desenvolver o seu propio proxecto de vida nas mellores condicións, así como impulsar a natalidade e fomento da conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
 - Como indicador de produtividade, a capacidade de coidado de nenos ou infraestruturas de educación subvencionadas, familias beneficiarias de tarxeta benvida, menores en situación de acollemento familiar, menores participantes nos programas Mentor e de traballo remunerado e formación ocupacional en centros de reeducación, diferenciando entre homes e mulleres.
 - Como indicadores de resultado, a taxa bruta de natalidade (número de nacementos por cada 1.000 habitantes), a porcentaxe de menores en situación de acollemento familiar sobre o total de menores en situación de acollemento (residencial e familiar) e a taxa de escolarización de poboación de 0 a 3 anos.
2. Impulsar a solidariedade e o voluntariado para axudar ás persoas en situación de risco de pobreza e/ou con necesidades.
 - Como indicador financeiro, fomentar a participación xuvenil nos programas de voluntariado e promover a inscrición das experiencias dos voluntarios que faciliten a certificación dos mesmos, así como elaborar novos programas de voluntariado e



- plans de formación co obxecto de dar saída ás demandas de participación e mellorar a preparación e calidade do voluntariado.
- Como indicador de produtividade o número de participantes en proxectos de voluntariado, diferenciando entre homes e mulleres.
 - Como indicador de resultado, o número de entidades do rexistro de voluntariado galego, así como as persoas voluntarias inscritas no rexistro de voluntariado galego.
3. Mellorar a conciliación da vida familiar e laboral e promover a responsabilidade compartida entre mulleres e homes para contribuír a acadar o principio de igualdade por razón de xénero en todos os ámbitos e a revitalización demográfica.
- Como indicador financeiro, o apoio á conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
 - Como indicadores de produtividade, os participantes que reciben actuacións destinadas á mellora da súa situación no ámbito laboral, os familias monoparentais que reduciron a súa xornada laboral, diferenciando entre homes e mulleres.
 - Como indicador de resultado, as excedencias para coidado de fillos/as e familiares solicitadas por mulleres en comparación cos homes.
4. Mellorar a calidade de vida da xuventude galega e incrementar o seu benestar en condicións de igualdade.
- Como indicador financeiro, impulsar a participación dos mozos/as en actividades de educación non formal que permitan a adquisición de competencias altamente valoradas polos empregadores e fomentar e apoiar os programas de mobilidade transnacional xuvenil, para a mellora da cualificación e para facilitar o acceso ao mercado laboral dos mozos/as.



- Como indicadores de produtividade, as persoas mozas que reciben axudas e os participantes en programas de xuventude, diferenciando entre homes e mulleres.
 - Como indicador de resultado, mozos/as participantes en programas de educación non formal que adquiren competencias vinculadas á empregabilidade.
5. Incrementar a cobertura de atención ás persoas en situación de dependencia.
- Como indicador financeiro destacar o incremento dos servizos de atención residencial, atención diúrna, de axuda no fogar, de promoción da autonomía en equipamentos especiais.
 - Como indicador de produtividade destacar o número de participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia, diferenciando entre homes e mulleres.
 - Como indicador de resultado a porcentaxe de persoas atendidas sobre o total de persoas recoñecidas cun grao implantado.
6. Mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade e das persoas maiores, en termos de autonomía persoal, así como previr as situacións de dependencia.
- Como indicador financeiro, favorecer a permanencia no domicilio e contorno habitual durante o maior tempo posible, así como fomentar actitudes positivas cara o coidado da saúde e á promoción da autonomía persoal.
 - Como indicadores de produtividade, o número de participantes en programas de prevención da dependencia, participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia e os participantes con discapacidade, diferenciando entre homes e mulleres.



- Como indicadores de resultado, a porcentaxe de poboación maior á que se dirixen os programas de prevención da dependencia sobre a poboación maior de 55 anos e a porcentaxe de persoas con discapacidade que participan en programas de promoción da autonomía persoal.
7. Consolidar e mellorar a acción protectora das persoas con carencia de recursos económicos en situación de risco e exclusión social e con especiais dificultades de inserción social.
- Como indicador financeiro, a renda de inclusión social de Galicia, as axudas de inclusión social, a axuda extraordinaria de pensións non contributivas (PNC), o fondo de asistencia social (FAS), o subsidio de garantía de ingresos mínimos (SGIM), e os programas para cubrir as necesidades básicas de persoas con carencias económicas e especiais dificultades de inserción, a través da colaboración das entidades de iniciativa social.
 - Como indicador de produtividade, as persoas perceptoras de RISGA, diferenciando entre homes e mulleres.
 - Como indicador de resultado, a porcentaxe de persoas beneficiarias das axudas e prestacións sobre a poboación en risco e pobreza.
8. Reducir a violencia de xénero articulando unha resposta global e coordinada fronte a esta lacra, en calquera das súas modalidades e consecuencias.
- Como indicadores financeiros, a protección e apoio integral a vítimas de violencia de xénero, accións para fomentar a empregabilidade das vítimas de violencia de xénero e accións específicas dirixida a mulleres vítimas da trata ou explotación sexual.



- Como indicadores de produtividade, as mulleres atendidas nos programas de protección e apoio a vítimas de violencia de xénero, as mulleres en atención psicolóxica nos programas de protección e apoio a vítimas de violencia de xénero, as mulleres vítimas de trata ou explotación sexual, as mulleres vítimas de violencia de xénero atendidas en centros de acollida, os menores atendidos nos programas de protección e apoio a vítimas de violencia de xénero (diferenciando entre homes e mulleres), menores en atención psicolóxica atendidos nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero (diferenciando entre homes e mulleres), e menores atendidos en centros de acollida nos programas de protección e apoio a vítimas de violencia de xénero (diferenciando entre homes e mulleres).
- Como indicador de resultado, as denuncias por violencia de xénero.

Na Axenda Social Única de Galicia 2021-2024 establécense como obxectivos da Consellería os seguintes:

- Promover o exercicio dos dereitos de acceso efectivo aos servizos sociais, de emprego, saúde, vivenda, educación, entre outros, especialmente nas persoas e grupos de poboación en risco ou situación de vulnerabilidade.
- Reforzar a atención dos factores de vulnerabilidade e exclusión concretos, tanto en clave preventiva como para reducir a incidencia nas persoas e familias afectadas.
- Impulsar a mellora cualitativa das Administracións públicas, a través da innovación e a eficacia no seu funcionamento.



- Consolidar unha fórmula de cooperación entre axentes implicados e de colaboración con outros que operan parcial ou totalmente na consecución do obxectivo principal.

As medidas da Axenda Social única de Galicia suman un total de 93, e clasifícanse en tres bloques dos que a continuación se sinalan aquelas nas que a Consellería é o órgano responsable ou está directamente implicada (mantendo a súa numeración orixinal) :

A.- Medidas dirixidas a promover que as persoas e grupos en risco ou situación de vulnerabilidade fagan efectivo o seu acceso aos servizos para o emprego, educación, vivenda, saúde, sociais, culturais, de participación social e comunitaria, entre outros, en aras a promover o exercicio dos seus dereitos en cada un destes ámbitos.

A.1 Medidas de atención á infancia e adolescencia en vulnerabilidade ou pobreza.

A.1.1 Exención cómputo pensión de alimentos na RISGA.

Nº de fogares monoparentais perceptores da RISGA beneficiados

A.1.2 Programa Caixa Pro infancia

Nº de familias beneficiarias Programa Caixa Pro infancia

A.1.3 Universalización educación 0-3 anos.

Nº de prazas 0-3 anos en centros públicos de Galicia

A.1.4 Creación rexistro familias monoparentais.

Existencia do Rexistro de familias monoparentais

A.1.5 Mantemento apoio rede de atención temperá.

Nº de concellos con unidades de Atención Temperá



A.2 Medidas para un mercado laboral inclusivo.

A.2.1 Recoñecemento risco exclusión non perceptoras RISGA

Existencia dun protocolo/circular para axilización e recoñecemento da valoración

A.2.3 Programas inclusión concellos (Orde DX Inclusión)

Nº de programas subvencionados

Nº de concellos que reciben apoio aos seus programas

A.2.4 Programas inclusión entidades (Orde DX Inclusión)

Nº de programas subvencionados

Nº de entidades de iniciativa social que reciben apoio aos seus programas

A.3 Medidas de acción comunitaria, voluntariado e inclusión social.

A.3.1 Programas de fomento da acción voluntaria na comunidade escolar.

Nº de centros educativos onde se desenvolven proxectos do Plan Proxecta, de voluntariado

A.4 Medidas para un rural incluído e inclusivo.

A.4.1 Ampliación número de casas do maior.

Nº de casas do maior

A.4.9 Proxecto piloto Horta: capacitación laboral na agricultura.

Nº de persoas participantes do Proxecto Horta

% de participantes que acceden ao emprego no mercado laboral ordinario

A.5 Medidas de promoción da educación e alfabetización dixital para a inclusión.

A.5.1 Proxecto INC-Conecta (Inclusión Social telemática)



Nº de dispositivos entregados

Nº de persoas beneficiarias

A.5.2 AIS conexión dixital fogares vulnerables

Nº de AIS concedidas para conectividade

A.5.3 Programas alfabetización dixital (formación adaptada)

Nº de cursos de Alfabetización dixital realizados

Nº de persoas formadas en competencias dixitais

Nº de cursos de competencias clave

Nº de persoas participantes nos cursos de competencias clave

B.-Medidas orientadas a atender factores de vulnerabilidade e exclusión concretos, tanto en clave preventiva como dirixidas a reducir a súa incidencia nas persoas e familias afectadas (31 medidas)

B.2 Medidas de apoio á renda

B.2.1 Axilización da RISGA ata 50%

Tempo medio de tramitación desde a presentación da solicitude ata a resolución (en días)

B.2.2 Axilización AIS ata 50%

Tempo medio de tramitación desde a presentación da solicitude ata a resolución (en días)

B.2.3 Modificacións normativa RISGA

Publicación de normativa modificadora ou nova normativa de regulación

B.2.4 Axilización tramo inserción da RISGA -HSUE



Tempo medio de tramitación do acceso ao tramo de inserción

B.2.5 Anticipos AIS fogares con menores

Nº de familias beneficiarias

B.2.6 Prórroga da Tarxeta básica

Nº de tarxetas entregadas

Nº de fogares beneficiarios segundo a súa composición

B.3 Medidas de atención á dependencia.

B.3.1 Reforzo SAF dependencia

Variación no orzamento anual dispoñible

B.3.2 Implantación tele asistencia avanzada.

Nº de persoas dependentes beneficiarias do servizo de tele asistencia avanzada

B.3.3 Simplificación do acceso á Dependencia

Tempo medio que transcorre entre a solicitude e a resolución de acceso ou non

B.4 Medidas de inclusión residencial

B.4.1 Proxecto "Na casa", recursos residenciais estables

Nº de vivendas dispostas

Nº de persoas usuarias das vivendas Ano natural

B.4.2 Plan piloto transformación zona de intervención social

Piloto implementado Si/Non

B.4.3 Programas de Acompañamento a mulleres sen fogar

% de implementación dos programas nas sete cidades



Nº de mulleres usuarias Ano natural

B.4.4 Programa de Atención ao risco de perda vivenda

Nº de familias atendidas

Nº de profesionais asignados/as ao programa Ano natural

B.4.5 Mediación inmobiliaria

Nº de programas financiados a concellos e entidades de iniciativa social

Nº de persoas/ familias beneficiarias directas. Ano natural

B.4.6 Incremento prazas de acollida básica

Nº de prazas de acollida básica en Galicia. Ano natural

B.5 Medidas de promoción da igualdade e de abordaxe da violencia de xénero.

B.5.1 Proxectos Plan Proxecta de fomento da igualdade nas aulas.

Nº de centros educativos sobre o total onde se desenvolven programas de promoción da igualdade.

C.-Outras medidas de carácter xeral e para a mellora cualitativa das administracións públicas e o seu funcionamento (18 medidas).

C.1. Medidas para a mellora da planificación e xestión dos Servizos Sociais.

C.1.1 Creación mapa interactivo Xeo-social

Existencia do mapa interactivo

C.1.2 Actualización módulos económicos profesionais de SS.SS.

Porcentaxe de variación dos módulos económicos do persoal



C.1.3 Incremento partida de persoal e programas Plan Concertado
Porcentaxe de variación do orzamento destinado respecto
do ano anterior

C.1.4 Enquisa usuarios/as programas de SS.SS. Comunitarios
Nº de enquisas realizadas
Existencia do informe final de resultados

C.1.5 Extensión e perfeccionamento da HSUE (Historia Social
Única Electrónica)
Nº de novos ámbitos sectoriais de integración
Nº de concellos usuarios da HSUE

C.1.6 Proxecto de modernización dos Servizos sociais
Nº de dispositivos de firma biométrica adquiridos
Nº de novos ámbitos sectoriais de integración

C.1.7 Actualizar e implantar Modelo Inclúe, validado
cientificamente, de calidade na atención ás persoas en situación
de exclusión social severa.
Acceso HSUE resumida entidades sociais

C.1.10 Creación Grupo traballo estudo SSSS Grupo creado
Informe/s de necesidades dos servizos sociais de Galicia

C.2. Medidas de reforzo da coordinación e a cooperación
interadministrativa.

C.2.1 Dinamización dos grupos da Axenda Social
Nº de reunións dos grupos da axenda

C.2.2 Coordinación entre AAPP e simplificación burocrática
Novos ámbitos de coordinación multinivel desenvolvidos



C.3 Medida de reforzo do Terceiro sector na prestación de servizos sociais en Galicia

C.3.1. Impulso da Lei do Terceiro sector social de Galicia.

Existencia do proxecto de lei

C.5 Medidas para a innovación e mellora do coñecemento

C.5.1 Estudo persoas sen fogar Galicia

Existencia do estudo publicado

C.5.2 Formación profesionais Servizos Sociais

Nº de actividades de xestión do coñecemento ofertadas

C.5.3 Avaliación final EIS Galicia 2014-2020

Existencia do documento final de avaliación

C.5.4 Innovación envellecemento saudable

Nº de novos programas en envellecemento activo e saudable promovidos

No Plan Estratégico de Xuventude de Galicia 2021 establécense os seguintes obxectivos:

a) Diagnosticar a situación da mocidade galega e realizar unha análise derivada dos datos obtidos, onde se propoñan solucións aos principais problemas e necesidades da xuventude de Galicia.

b) Servir de instrumento para a toma de decisións políticas, elaborando as liñas estratéxicas e articulando as actuacións prioritarias públicas en materia de xuventude.

c) Establecer unha metodoloxía de traballo transversal que sexa a referencia para o resto das consellerías da Administración da



Comunidade Autónoma de Galicia ,así como para as entidades da Administración local de Galicia.

d) Facilitar a avaliación da efectividade das medidas adoptadas no desenvolvemento das políticas de xuventude, a través de sistemas de indicadores e cadros de mando.

O Plan está dotado de 125 medidas pensadas para e coa xuventude, e seis ámbitos prioritarios de actuación: emprego e emprendemento, rural, talento e creatividade, formación, participación e Xacobeo 21-22, coa finalidade de mellorar a calidade de vida da xente nova, especialmente a través do acceso á información en materia xuvenil e mediante a participación activa dos mozos e das mozas no desenvolvemento sustentable, económico e social da Comunidade Autónoma de Galicia.

En concreto, o eixe número 7 está centrado no voluntariado, que recolle o seguinte obxectivo estratéxico: promover entre a xuventude a participación en proxectos de acción voluntaria de todos os ámbitos e desenvolver iniciativas propias que axuden a consolidar a conciencia solidaria. Así mesmo, tamén impulsar programas vinculados co voluntariado social que redunden nun beneficio social para toda a comunidade.

Entre as medidas asociadas a este eixe, destacan as seguintes:

VOL1. Posta en marcha dun plan anual de formación en voluntariado que favoreza a capacitación das persoas mozas neste ámbito.

VOL2. Traballar a conciencia solidaria desde os centros educativo.

VOL3. Promoción do voluntariado xuvenil a través de axudas a entidades e concellos.

VOL4. Impulso da participación dos mozos e mozas en programas de voluntariado de ámbito social que promovan os lazos interxeracionais,



a través de diferentes iniciativas vinculadas ao intercambio interxeracional, ao acompañamento de persoas maiores autónomas que viven soas ou á prestación de asesoramento e acompañamento nos centros de saúde. Con este tipo de programas búscase promover unha cultura solidaria e de fomento do respecto e a aprendizaxe mutua entre a xente moza e as persoas maiores

1.2. Organización e funcionamento do centro directivo ou entidade instrumental

1.2.1. Organización

A Consellería de Política Social, de acordo co Decreto 216/2020, de 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, estrutúrase nos seguintes órganos:

- a) Persoa titular da Consellería

- b) Secretaría Xeral Técnica
 - Vicesecretaría Xeral
 - Servizo de Xestión Económica e Control Orzamentario
 - Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa
 - Servizo de Apoio Técnico-Xurídico.
 - Subdirección Xeral de Persoal
 - Servizo de Persoal
 - Servizo de Reclamacións e Recursos
 - Subdirección Xeral de Contratación e Control



- Servizo de Obras
 - Servizo de Contratación e Control Económico Contractual
 - Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais
 - Servizo de Inspección de Familia e Menores
 - Servizo de Inspección de Maiores, Discapacidade e Dependencia.
 - Servizo de Inspección de Servizos comunitarios e Inclusión Social.
 - Subdirección Xeral de Proxectos e Accesibilidade
 - Intervención Delegada da Consellería, adscrita organicamente á Secretaría Xeral Técnica.
 - Asesoría Xurídica, adscrita organicamente á Secretaría Xeral Técnica.
- c) Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica
- Servizo de Xestión Económica
 - Subdirección Xeral de Demografía e Conciliación
 - Servizo de Planificación para o Impulso Demográfico
 - Servizo de Conciliación Familiar.
 - Subdirección Xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia
 - Servizo de Apoio á Familia, á Infancia e á Adolescencia
 - Servizo de Protección de Menores



- Servizo de Xustiza Penal Xuvenil
- d) Dirección Xeral de Inclusión Social
- Subdirección Xeral de Prestacións e Programas de Inclusión
 - Servizo de Prestacións e Acción Social
 - Servizo de Coordinación de Programas de Inclusión
 - Servizo de Atención ás Persoas Inmigrantes
 - Subdirección Xeral de Servizos Sociais Comunitarios e Xestión Económica
 - Servizo de Coordinación de Servizos Sociais Comunitarios.
- e) Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade
- Subdirección Xeral de Recursos Económicos
 - Servizo de Xestión e Coordinación Administrativa.
 - Subdirección Xeral de Recursos Residenciais e de Atención Diúrna
 - Servizo de Recursos Comúns e de Atención ao Alzheimer.
 - Servizo de Recursos Especializados para a Discapacidade.
 - Subdirección Xeral de Promoción da Autonomía Persoal e Prevención da Dependencia.
 - Servizo de Promoción da Autonomía Persoal
 - Servizo de Prevención da Dependencia
 - Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi).
- f) Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria



- Subdirección Xeral de Planificación, Sistemas de Información, Calidade, Humanización e Innovación Asistencial.
 - Servizo de Planificación, Innovación asistencial e Xestión da Información.
 - Servizo de Calidade, Humanización, Seguridade e Formación Continuada.
- Subdirección Xeral de Dependencia e Valoración da Discapacidade.
 - Servizo de Dependencia
 - Servizo de Discapacidade
- g) Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado
 - Servizo de Voluntariado e Participación
 - Servizo de Xestión e Coordinación Administrativa
 - Servizo de Información Xuvenil.
- Instituto da Xuventude de Galicia
 - Servizo de Actividades para a Xuventude
 - Servizo de Participación Xuvenil e Escola Galega de Xuventude.
- Subdirección Xeral de Programas para a Xuventude
 - Servizo de Programas e Mobilidade Xuvenil
- h) Xefaturas territoriais (A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo)
 - Servizo de Coordinación Administrativa
 - Servizo de Xestión Económica



- Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal
- Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica
- Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración.
- Servizo de Xuventude e Voluntariado

Queda adscrita a esta consellería a Axencia Galega de Servizos Sociais.

Igualmente adscrito está o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, entidade de dereito público de carácter interadministrativo constituída pola Xunta de Galicia e os concellos galegos asinantes do convenio de colaboración para a constitución do Consorcio (convenio de data 3 de xullo de 2006, DOG do 7 de xullo de 2006), así como aqueles outros concellos galegos incorporados de acordo co establecido no artigo 33 dos seus estatutos.

O Consorcio, tal e como se establece no artigo 9 dos seus estatutos está representado e administrado polos seguintes órganos:

- a. Asemblea xeral/pleno, onde están representadas todas as entidades consorciadas.
- b. Comité directivo, a quen lle corresponde, entre outras competencias a aprobación de integración de novos municipios.
 - c. Xerente.
- d. Presidente, cargo exercido pola Conselleira/o de Política Social
 - e. Vicepresidente.

Dentro da estrutura orgánica da Consellería de Política Social contéplase a Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas.



Órganos colexiados adscritos á Consellería de Política Social

- A Comisión Interdepartamental de Servizos Sociais e Inclusión Social, creada pola Lei 13 2008 do 3 de decembro.
- Consello Galego de Benestar, creado pola Lei 13 2008 do 3 de decembro.
- A Comisión Técnica de Accesibilidade e o Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras, creados pola Lei 8 1997 do 20 de agosto.
- Consello Galego da Familia e o Observatorio Galego da Familia e da Infancia, creados pola Lei 3 2011 do 30 de xuño.
- Consello Autonómico da Atención Temperá e a súa Comisión Técnica, creados polo Decreto 183 2013 do 5 de decembro.
- Consello Galego de Acción Voluntaria e o Observatorio Galego de Acción Voluntaria, creados pola Lei 10 2011 do 28 de novembro.
- Comité Galego de Políticas de Xuventude, creado pola Lei 6 2012 do 19 de xuño.
- Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galicia e o seu Observatorio da Xuventude, creados pola Lei 6 2012 do 19 de xuño.
- Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, creado polo Decreto 104 2016 do 28 de xullo.

1.2.2. Recursos humanos

- **Consellería de Política Social e Axencia Galega de Servizos Sociais***

centro_dir	LABORAL TEMPORAL	LABORAL FIJO	FUNCIONARIO	LABORAL INDEFINIDO NON FIXO	FUNCIONARIO INTERINO
SERVIZOS PERIFÉRICOS	2569	1313	449	368	265
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	2	4	68	7	9
DX FAMILIA, INFANCIA E DIMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	4	8	27	4	9
DX MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE	13	6	26	3	4



DX XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO	3	5	21	3	4
DX INCLUSIÓN SOCIAL	2	6	17	5	5
DX ATENCIÓN INTEGRAL SOCIO SANITARIA			9		
GABINETE CONSELLEIRO/A			2**		

*O Xerente da Axencia Galega de Servizos Sociais, con contrato de Alta Dirección, non está incluído na táboa anterior.

**o resto dos traballadores son persoal eventual

- Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e de Benestar

centro_dir	LABORAL TEMPORAL	LABORAL FIJO	FUNCIONARIO	LABORAL INDEFINIDO NON FIXO	FUNCIONARIO INTERINO
CONSORCIO - SERVIZOS PERIFÉRICOS	1887	195		268	
CONSORCIO - ÁREA DE ADMÓN. XERAL	17			11	
CONSORCIO - ÁREA ESCOLAS INFANTÍS	9			3	
CONSORCIO - XERENCIA	8			1	
CONSORCIO - ÁREA DE BENESTAR	5			4	
CONSORCIO - ÁREA INCLUSIÓN SOCIAL	5			2	

- Fundación Pública Galega para a Tutela das Persoas Adultas - FUNGA

centro_dir	LABORAL
FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA PARA A TUTELA DAS PERSOAS ADULTAS-FUNGA	26*

*O Director - Xerente da FUNGA, con contrato de Alta Dirección, non está incluído na táboa anterior.

1.2.3. Recursos orzamentarios

Na Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, o orzamento aprobado para a Consellería de Política Social que está financiado con fondos PRTR e REACT-EU, distribuído por centro directivo, ascende a un total de 66.574.621,00,00.



CENTRO DIRECTIVO	APLICACIÓN	PROXECTO	MOD	IMPORTE
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	1.13.01.311A.6221 - CONSTRUCCIÓN CENTROS DE ASISTENCIA A COLECTIVOS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE	2022.00126-CONSTRUCCIÓN RESIDENCIA MAIORES NOVO MODE	4620 - MRR- MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	3.400.000,00
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	1.13.01.311A.6221 - CONSTRUCCIÓN CENTROS DE ASISTENCIA A COLECTIVOS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE	2022.00131- REMODELACIÓN CENTROS COIDADOS LONGA DURA	4620 - MRR- MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	2.300.000,00
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	1.13.01.311A.6231 - ADQUISICIÓN EQUIPAMENTOS CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS	2022.00129-EQUIPAMENTO CENTROS CLD	4620 - MRR- MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	800.000,00
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	1.13.01.311A.6231 - ADQUISICIÓN EQUIPAMENTOS CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS	2022.00132-EQUIPAMENTO CENTROS PROTECCIÓN DA INFANC	4620 - MRR- MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	200.000,00
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	1.13.01.311A.6251 - ADQUISICIÓN MOBILIARIO	2021.00176- MRR.MODERNIZACIÓN E HUMANIZACIÓN PUNTOS	4620 - MRR- MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	60.000,00
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	1.13.01.311A.6251 - ADQUISICIÓN MOBILIARIO	2022.00129-EQUIPAMENTO CENTROS CLD	4620 - MRR- MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	1.200.000,00
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	1.13.01.311A.6251 - ADQUISICIÓN MOBILIARIO	2022.00132-EQUIPAMENTO CENTROS PROTECCIÓN DA INFANC	4620 - MRR- MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	300.000,00
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	1.13.01.311A.6261 - LICENZAS, SOFTWARE E EQUIPAMENTO DIXITAL	2022.00130- DIXITALIZACIÓN CENTROS CLD	4620 - MRR- MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	500.000,00
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	1.13.01.311A.6261 - LICENZAS, SOFTWARE E EQUIPAMENTO DIXITAL	2022.00133-DIXITALIZAR CENTROS ATENCIÓN Á INFANCIA	4620 - MRR- MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	400.000,00
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	1.13.01.311A.6321 - REFORMAS NOS CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS PARA MELLORAR O BENESTAR DAS PERSOAS USUARIAS	2021.00176- MRR.MODERNIZACIÓN E HUMANIZACIÓN PUNTOS	4620 - MRR- MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	240.000,00
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	1.13.01.311A.6321 - REFORMAS NOS CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS PARA MELLORAR O BENESTAR DAS PERSOAS USUARIAS	2022.00127-MELLORA CENTROS PROTECCIÓN DA INFANCIA	4620 - MRR- MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	3.000.000,00
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	1.13.01.311A.6321 - REFORMAS NOS CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS PARA MELLORAR O BENESTAR DAS PERSOAS USUARIAS	2022.00131- REMODELACIÓN CENTROS COIDADOS LONGA DURA	4620 - MRR- MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	9.960.000,00



SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	1.13.01.311A.6321 - REFORMAS NOS CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS PARA MELLORAR O BENESTAR DAS PERSOAS USUARIAS	2022.00136-REMODELACIÓN CAPD SOUTO DE LEIXA(FERROL)	4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	1.000.000,00
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	1.13.01.311A.74207 - CONSORCIO GALEGO SERVIZOS DE IGUALDADE E DO BENESTAR	2022.00134-EQUIPAMENTOS SOCIAIS MUNICIPAL PARA CLD	4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	4.890.000,00
DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	1.13.02.312B.228 - GASTOS DE FUNCIONAMENTO DE CENTROS E SERVIZOS SOCIAIS	2021.00177-MRR.MODERN, DIXITALIZACIÓN E MELLORA DOS	4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	400.000,00
DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	1.13.02.312B.48100 - PROXECTO PARA REFORZO DO ACOLLEMENTO	2021.00177-MRR.MODERN, DIXITALIZACIÓN E MELLORA DOS	4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	210.000,00
DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	1.13.02.312B.48101 - PROXECTO PARA CENTRO DE DÍA ITINERANTE	2021.00177-MRR.MODERN, DIXITALIZACIÓN E MELLORA DOS	4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	450.000,00
DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	1.13.02.312B.48103 - PROGRAMA ESPECÍFICO DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL RURAL	2021.00177-MRR.MODERN, DIXITALIZACIÓN E MELLORA DOS	4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	600.000,00
DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL	1.13.03.312C.4600 - ACCIONS ESPECÍFICAS DE INCLUSIÓN SOCIAL	2021.00133-ACTUACIÓNS DE INCLUSIÓN SOCIOLABORAL REA	4390 - FSE REACT	495.000,00
DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL	1.13.03.313C.12025 - PERSOAL INTERINO. EXECUCIÓN PROGRAMAS EXTRAORDINARIOS DE CARÁCTER TEMPORAL	2021.00134-INFORMACIÓN, APOIO E REESTRUTURACIÓN DE	4390 - FSE REACT	539.433,00
DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL	1.13.03.313C.16025 - S. SOCIAL EXECUCIÓN PROGRAMAS EXTRAORDINARIOS DE CARÁCTER TEMPORAL	2021.00134-INFORMACIÓN, APOIO E REESTRUTURACIÓN DE	4390 - FSE REACT	161.387,00
DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL	1.13.03.313C.228 - GASTOS DE FUNCIONAMENTO DE CENTROS E SERVIZOS SOCIAIS	2021.00178-MRR.REHABILITACIÓN E DOTACIÓN DO EQUIP B	4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	100.000,00
DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL	1.13.03.313C.228 - GASTOS DE FUNCIONAMENTO DE CENTROS E SERVIZOS SOCIAIS	2022.00119-MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA SERV SOCIAIS	4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	40.000,00
DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL	1.13.03.313C.228 - GASTOS DE FUNCIONAMENTO DE CENTROS E SERVIZOS SOCIAIS	2022.00120-INNOVACIÓNS DOS SERVIZOS SOCIAIS	4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	105.000,00



DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL	1.13.03.313C.44207 - CONSORCIO GALEGO SERVIZOS DE IGUALDADE E DO BENESTAR	2021.00135-ACTUACIONES CON COLECTIVOS VULNERABLES OU	4390 - FSE REACT	2.979.675,00
DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL	1.13.03.313C.4601 - PLAN DESENVOLVEMENTO XITANO	2021.00133-ACTUACIONES DE INCLUSIÓN SOCIOLABORAL REA	4390 - FSE REACT	704.148,00
DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL	1.13.03.313C.4602 - TRANSFERENCIAS A CORPORACIONES LOCAIS	2021.00133-ACTUACIONES DE INCLUSIÓN SOCIOLABORAL REA	4390 - FSE REACT	3.616.000,00
DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL	1.13.03.313C.6250 - MOBILIARIO E UTENSILIOS	2021.00178-MRR.REHABILITACIÓN E DOTACIÓN DO EQUIP B	4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	1.070.000,00
DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL	1.13.03.313C.6260 - MANTENIMENTO APLICACIONES INFORMÁTICAS INCLUSIÓN	2022.00119-MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA SERV SOCIAIS	4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	660.000,00
DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL	1.13.03.313C.62600 - EQUIPOS PARA PROCESOS DE INFORMACIÓN	2022.00120-INNOVACIÓN DOS SERVIZO SOCIAIS	4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	65.000,00
DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL	1.13.03.313C.6320 - EDIFICIOS E OTRAS CONSTRUCCIONES	2021.00178-MRR.REHABILITACIÓN E DOTACIÓN DO EQUIP B	4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	2.450.000,00
DIRECCIÓN XERAL DE MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE	1.13.04.312D.2281 - FUNCIONAMENTO DE CENTROS PUBLICOS PARA PERSOAS MAIORES	2022.00123-TELEASISTENCIA AVANZADA E VIVENDAS CONEC	4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	4.960.000,00
DIRECCIÓN XERAL DE MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE	1.13.04.312D.2283 - FUNCIONAMENTO DE CENTROS PÚBLICOS PARA PERSOAS MAIORES	2022.00122-TELÉFONO CONTRA A SOIDADE NON DESEXADA	4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	300.000,00
DIRECCIÓN XERAL DE MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE	1.13.04.312D.7810 - AXUDAS FAMILIAS E INSTITUCIONES SEN FINS DE LUCRO	2022.00125-PROXECTOS DE RESIDENCIA E CENTROS DE DÍA	4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	5.000.000,00
DIRECCIÓN XERAL DE MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE	1.13.04.312E.22799 - OUTROS	2022.00121-PROGRAMA DE COIDADOS PORTA A PORTA	4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	4.800.000,00
DIRECCIÓN XERAL DE MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE	1.13.04.312E.4700 - CASA DO MAIOR	2021.00155-CASAS DO MAIOR	4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	600.000,00
DIRECCIÓN XERAL DE MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE	1.13.04.312E.6230 - EQUIPAMENTO DE PICTOGRAMAS E INTERPRETACIÓN PARA UNHA ADMINISTRACIÓN MÁIS ACCESIBLE	2022.00128-ADMINISTRACIÓN MÁIS ACCESIBLE	4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	200.000,00
DIRECCIÓN XERAL DE MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE	1.13.04.312E.7602 - CONVOCATORIA AXUDAS INVESTIMENTO PARA MELLORA DA ACCESIBILIDADE NOS CONCELLO	2022.00124-ACCESIBILIDADE NOS CONCELLOS DE GALICIA	4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	700.000,00



DIRECCIÓN XERAL DE ATENCIÓN INTEGRAL SOCIO SANITARIA	1.13.05.312D.12025 - PERSOAL INTERINO. EXECUCIÓN PROGRAMAS EXTRAORDINARIOS DE CARÁCTER TEMPORAL	2021.00128-PLAN DE REFORZO NO PROCEDEMENTO DE VALOR	4390 - FSE REACT	959.752,00
DIRECCIÓN XERAL DE ATENCIÓN INTEGRAL SOCIO SANITARIA	1.13.05.312D.16025 - S. SOCIAL EXECUCIÓN PROGRAMAS EXTRAORDINARIOS DE CARÁCTER TEMPORAL	2021.00128-PLAN DE REFORZO NO PROCEDEMENTO DE VALOR	4390 - FSE REACT	280.558,00
DIRECCIÓN XERAL DE ATENCIÓN INTEGRAL SOCIO SANITARIA	1.13.05.312D.228 - GASTOS DE FUNCIONAMENTO DE CENTROS E SERVIZOS SOCIAIS	2022.00113-EVD MOBIL GALICIA	4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	1.200.000,00
DIRECCIÓN XERAL DE ATENCIÓN INTEGRAL SOCIO SANITARIA	1.13.05.312E.228 - GASTOS DE FUNCIONAMENTO DE CENTROS E SERVIZOS SOCIAIS	2022.00115-REHABILITACION CON REALIDADE VIRTUAL	4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	800.000,00
DIRECCIÓN XERAL DE ATENCIÓN INTEGRAL SOCIO SANITARIA	1.13.05.312E.6320 - CREACION DE CENTRO DE COIDADOS INTERMEDIOS	2022.00114-CREACIÓN CENTRO DE COIDADOS INTERMEDIOS	4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	3.100.000,00
DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO	1.13.06.312F.22199 - OUTRAS SUBMINISTRACIÓNS	2022.00112-TALENTO INTERXERACIONAL	4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	60.000,00
DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO	1.13.06.312F.22799 - OUTROS	2022.00112-TALENTO INTERXERACIONAL	4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	400.000,00
DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO	1.13.06.312F.4810 - AXUDAS E CONVENIOS CON ONLS. PLAN VOLUNTARIADO	2022.00112-TALENTO INTERXERACIONAL	4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	318.668,00

Os importes agregados finais son:

MODALIDADE	CENTRO DIRECTIVO	IMPORTE
4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	28.250.000,00
4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	1.660.000,00
4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL	4.490.000,00
4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	DIRECCIÓN XERAL DE MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE	16.560.000,00
4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	DIRECCIÓN XERAL DE ATENCIÓN INTEGRAL SOCIO SANITARIA	5.100.000,00



4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO	778.668,00
	TOTAL CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL	56.838.668,00
	TOTAL 4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA	
4390 - FSE REACT	DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL	8.495.643,00
4390 - FSE REACT	DIRECCIÓN XERAL DE ATENCIÓN INTEGRAL SOCIO SANITARIA	1.240.310,00
	CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL	9.735.953,00
	4390 - FSE REACT	
	TOTAL CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL	66.574.621,00
	4620 - MRR-MECANISMO RECUPERACION RESILENCIA E 4390 - FSE REACT	

1.2.4. Marco normativo

A Consellería asume como obriga o cumprimento das normas en materia de integridade que figuran no plan xeral. Adicionalmente e ordenadas de xeito cronolóxico, son aplicables aos distintos centros directivos as seguintes normas:

Convención sobre os Dereitos do Neno adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989, e ratificada por Instrumento do 30 de novembro de 1990 (BOE núm. 313 do 31.12.1990).

Convenio relativo á protección do neno e a cooperación en materia de adopción internacional. A Haia, 29 de maio de 1993. Ratificado por Instrumento de 30 de xuño de 1995 (BOE núm. 182 do 01.08.1995).

Decreto 243/1995, de 28 de xullo, de autorización e acreditación de centros de servizos sociais.



Decreto 291/1995, do 3 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, no relativo ós rexistros de entidades prestadoras de servizos sociais.

Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil. (BOE núm. 15 do 17.01.1996).

Lei 39/1999, do 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras (BOE núm. 266 do 06.11.1999)

Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade.

Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia (DOG núm. 45 do 06.03.2000, modificación no DOG núm. 222 do 04.11.2003 e corrección de erros DOG núm. 235, do 03.12.2003), agás o título III do dito decreto derogado pola Lei 3/2011.

Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (BOE nº 11, do 13.01.2000), modificada pola Lei orgánica 8/2006, do 4 de decembro (BOE nº 290, do 05.12.2006).

Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude, modificado polo Decreto 58/2012, do 12 de xaneiro, para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos do mercado interior.

Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar (DOG núm. 117 do 18.06.2001 e corrección de erros DOG núm. 223 do 19.11.2001).

Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, polo que se regula a figura do mediador familiar, o Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta. (DOG núm. 34 do 18.02.2003 e corrección de erros DOG



núm. 44 do 04.03.2003) modificado pola Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG nº 247, do 28.12.2018).

Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas (BOE núm. 277 do 19.11.2003).

Real decreto 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (BOE nº 209, do 30.08.2004).

Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección Integral contra a violencia de xénero.

Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais.

Lei 54/2007, do 28 de decembro, de adopción internacional (BOE núm. 312 do 29.12.2007).

Convenio europeo de adopción de menores, 27 de novembro de 2008.

Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais (DOG núm. 245 do 18.12.2008).

Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.



Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. (DOG núm. 134 do 13.07.2011).

Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria.

Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia.

Real Decreto 1364/2012, de 27 de setembro, por el que se modifica el Real Decreto 1971/1999, de 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grado de discapacidade.

Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

Real Decreto 1051/2013, do 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Orde do 14 de marzo de 2014 pola que se regula o Rexistro de Acción Voluntaria

Decreto 57/2014, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.

Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia (DOG núm. 145 do 01.08.2014).



Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da seguridade social, no relativo ás prestacións non contributivas e outros réximes vixentes de carácter transitorio.

Lei 40/2015, de 1 de outubro de réxime xurídico, na que se inclúe como normativa básica estatal a regulación dos consorcios.

Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, no seu artigo 69 no que atinxe ao cofinanciamento dos servizos prestados polo Consorcio en colaboración cos concellos e mancomunidades.

Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Acordo do 15 de xaneiro de 2021 do Pleno do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia sobre os criterios para a distribución territorial dos fondos do Plan de Reconstrución, Transformación e Resiliencia.

Libro verde sobre o envellecemento. Comisión Europea Bruxelas 27.01.2021

Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia.

Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio a reactivación económica de Galicia.

Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia de 27 de abril de 2021 (2021-2023)

Resolución do 24 de xuño de 2021, da Secretaria xeral técnica e do patrimonio da Consellería de Facenda e administración pública, pola que se lle dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2021



polo que se aproban as actuacións en materia de persoal para a xestión dos fondos de recuperación e resiliencia (FRR e outros fondos europeos).

Consello Europeo: 21 de xullo de 2020 acorda o instrumento excepcional Next Generation EU como resposta europea coordinada cos Estados membros para facer fronte as consecuencias económicas e sociais da pandemia

Convenio de colaboración do 20.08.2021 entre o Ministerio de dereitos sociais e axenda 2030 e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do mecanismo para a recuperación e resiliencia.

Estratexia para a Transformación de Galicia.

Orde HFP/1030/2021, de 19 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Instrución da dirección xeral de Planificación e Orzamentos sobre o tratamento orzamentario dos fondos correspondentes ao mecanismo de recuperación e resiliencia(MRR).

1.2.5. Procesos e procedementos que aplica o centro directivo/entidade instrumental.

Dentro da Consellería de Política Social, a Secretaría Xeral Técnica é a encargada da tramitación dos expedientes de contratación administrativa da Consellería cando se trate de obras, equipamentos, servizos e contratación



centralizada, ou calquera outra figura contractual, que non estean expresamente atribuídos a outros órganos. Así mesmo en canto oficina orzamentaria é a encargada de coordinar a xestión económica e orzamentaria das distintas unidades administrativas que conforman a consellería.

Por outra banda, a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, para o desenvolvemento das súas competencias, xestiona subvencións relacionadas co apoio á natalidade. Estes procedementos teñen por obxecto favorecer a conciliación mediante a concesión de prestacións económicas e outras medidas dirixidas ás familias con fillos/as menores. Dependendo da axuda faranse efectivas mediante a Tarxeta Benvida (para mercar en farmacias, parafarmacias, supermercados, tendas de alimentación e establecementos de puericultura ou especializados en artigos e produtos para a infancia); o Bono Coidado (para cubrir necesidades derivadas da conciliación da vida persoal, familiar e laboral); ou unha prestación económica de pagamento único que varía a cantidade en función de se se trata do/a primeiro/a, segundo/a ou terceiro/a fillo/a e sucesivos/as.

Tamén existen liñas de axuda para favorecer a conciliación entre a vida laboral e a familiar, tanto para persoas asalariadas como para traballadores/as autónomos/as, e axudas dirixidas especificamente a entidades locais para o fomento da conciliación.

A Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, no ámbito da protección de menores, desenvolve contratación administrativa centrada na articulación da xestión de centros dirixidos a atender as necesidades de nenas, nenos e adolescentes en situación de risco ou desamparo. Nesta área, así como na de xustiza penal xuvenil, tramita convenios que articulan subvencións ou determinadas prestacións por parte de entidades sen ánimo de lucro (xestión de centros de execución de medidas derivadas da Lei Orgánica 5/2000 ou actividades de prevención e atención a nenas, nenos e adolescentes en situación de risco, por exemplo).



Finalmente, a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica tramita outras subvencións en réxime de concorrencia competitiva, como por exemplo as destinadas á mellora das infraestruturas e dotación dos centros de menores.

A Dirección Xeral de Inclusión Social, desenvolve as súas funcións e competencias a través dos seguintes procesos e procedementos:

- Convocatoria de axudas dirixidas ás entidades locais e entidades de iniciativa social.
- Licitacións de distintos procedementos de contratación administrativa.
- Apoio económico da Administración autonómica ás corporacións locais para a prestacións básicas de servizos sociais, regulado polo Decreto 99/2012, do 16 de marzo.
- Sinatura de diversos convenios de colaboración.
- Xestión da renda de inclusión social de Galicia (RISGA) e das axudas de inclusión social (AIS).

Os programas postos en marcha nos últimos anos pola Dirección Xeral de Miores e Persoas con Discapacidade son os seguintes:

1. Programas de ocio e tempo libre
 - a. Área de maiores
 - i. Programa Benestar en balnearios.
 - ii. Xuntanzas de maiores
 - iii. Programa Xuntos polo Nadal
 - iv. Programa de voluntariado para persoas con alzhéimer.
 - v. Programa de voluntariado dixital
 - vi. Programa lecer activo 2020 para os centros residenciais para persoas maiores de titularidade da Xunta de Galicia.



- b. Área de persoas con discapacidade
 - i. Programa lecer activo 2020 para os centros de atención a persoas con discapacidade de titularidade da Xunta de Galicia
 - ii. Campamentos de verán para persoas con discapacidade.
2. Programas de apoio a familias con persoas maiores, persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia.
 - i. Programa de Acollemento familiar de persoas Maiores e persoas con discapacidade.
 - ii. Programa de estadias temporais
 - iii. Programa de respiro familiar para persoas en situación de dependencia
 - iv. Programa de respiro familiar para persoas con discapacidade.
 - v. Servizo de teleasistencia
 - vi. Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (SGAMP 065), para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia.

En canto ás subvencións e axudas, a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade e o órgano competente para a tramitación e resolución, entre outros, dos seguintes procedementos:

- BS212A Axudas para a posta en marcha de casas do maior.
- BS212B Axudas para a continuidade das casas do maior
- BS700A Subvencións a entidades locais para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá. FSE 2014-2020
- BS623D Subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas



xestionado pola consellería con competencias en materia de política social da Xunta de Galicia.

Tamén ten atribuídas a función da contratación administrativa para os programas e actividades relacionados cos servizos de promoción da autonomía persoal das persoas maiores, dependentes e con discapacidade.

A Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria, para o desenvolvemento das súas competencias, xestiona o procedemento de recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD) na comunidade autónoma de Galicia. Respecto das prestacións do SAAD recollidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, tramita o recoñecemento e pago das prestacións económicas vinculadas á adquisición dun servizo, prestacións económicas de coidados no contorno familiar e prestacións económicas de asistente persoal, así como as transferencias finalistas para o financiamento do servizo municipal de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia recoñecida, segundo o disposto no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

No ámbito da xestión asistencia fronte ao Covid-19 desenvolve contratación administrativa centrada na adquisición dos EPIs e outros produtos necesarios para a loita fronte ao Covid-19 nos diferentes eidos residenciais.

Para o cumprimento das súas funcións, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado desenvolve unha ampla programación vinculada ao cumprimento dos obxectivos establecidos no Plan estratéxico de Xuventude de Galicia e que abrangue distintos ámbitos de actuación administrativa:

Podemos destacar a convocatoria de distintas liñas de axuda para a posta en marcha de proxectos xuvenís a través do programa Iniciativa Xove; as axudas



para facilitar a obtención dos permisos de condución clases B e C por parte da xuventude galega; o programa Xuventude Mentoring ou diferentes iniciativas de fomento da súa creatividade, talento e capacitación para a futura empregabilidade da xente moza.

Así mesmo, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado pon en marcha anualmente distintos programas no ámbito da educación non formal co fin de facilitar a adquisición de habilidades e competencias por parte da mocidade galega, entre os que destaca a Campaña de verán da Xunta de Galicia, que constitúe un amplo recurso de lecer educativo e de conciliación familiar durante a época estival a través da oferta dunha variada programación de Campamentos, minicampamentos e campos de voluntariado para a mocidade galega.

No ámbito do Voluntariado, convócanse con periodicidade anual varias ordes de subvención como voluntariado interxeracional, voluntariado xuvenil, voluntariado sénior, entidades privadas, IRPF e Premios Galicia Acción Voluntaria.

A Axencia Galega de Servizos Sociais asumiu desde a súa posta en funcionamento as competencias atribuídas en materia de xestión de escolas infantís á extinta Dirección Xeral de Familia e Inclusión. Para isto a Axencia subrogouse en todas as relacións xurídicas, bens, dereitos e obrigas derivados do exercicio das ditas competencias.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar desenvolve a súa actividade, fundamentalmente, no ámbito da xestión de escolas infantís e dos centros de atención ás persoas maiores (centros de día, vivendas comunitarias, fogares residenciais), xestión que se realiza en colaboración cos concellos consorciados nos que radican estes centros.

No ámbito da atención ás persoas maiores, desenvolve ademais o programa "Xantar na Casa", para a prestación dun servizo de comida a domicilio para as persoas maiores en situación de dependencia ou con risco de padecela.



Igualmente, no marco da Estratexia de Inclusión Social, a través dos equipos comarcais de inclusión socio-laboral, baixo a dirección e coordinación da Dirección Xeral de Inclusión, promóvese a inserción no mercado de traballo e na sociedade de colectivos en situación ou grave risco de exclusión social, mediante o desenvolvemento de itinerarios individualizados e integrais, dende unha perspectiva ligada ás potencialidades de cada territorio e ao seu tecido social e produtivo. Esa intervención realízase en coordinación cos concellos, a través dos servizos sociais comunitarios básicos, as unidades tramitadoras da Renda de Integración Social (RISGA) e as entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais.

Por outra banda, en virtude da encomenda realizada para tal fin pola Dirección Xeral de Xuventude, o Consorcio xestiona os centros “Quérote Máis”, que teñen como finalidade contribuír ao desenvolvemento integral dos mozos, atendendo as súas necesidades de información, intervindo nos procesos de xeito preventivo e dotándoos de habilidades e estratexias que contribúan a adquirir autonomía e liberdade nos diversos ámbitos da vida.

Por último, cómpre engadir que o Consorcio xestiona tamén, en virtude do convenio de colaboración asinado para tal fin co Concello de Vigo, o Centro de Recuperación Integral para mulleres vítimas de violencia de xénero.

1.3. As medidas do “ciclo da fraude”

Medidas establecidas pola orde HFP 1030/2021 e polos estándares definidos na normativa europea

1.3.1. Medidas de prevención:

- a) Adóptase a declaración institucional prevista no plan xeral
- b) Divulgarase a cultura da integridade na organización, así como nas relacións cos entes consorciados, favorecendo e promovendo esta cultura de integridade nas relacións con estes.



- c) Formación dos directivos públicos e dos restantes empregados públicos e concienciación específica nos responsables de transparencia e dos responsables de xestión de fondos.
- d) Establecemento e implantación de medidas que regulen as declaracións de ausencia de conflitos de interese nos procedementos nos que se utilicen fondos e se regulen os supostos nos que actuar cando se denuncia ou detecta un conflito.
- e) Establecer un catálogo de riscos xerais en materia de subvencións e contratación e das medidas (ou controis atenuantes recomendados).
- f) Establecer un catálogo de bandeiras vermellas para o seguimento dos plans singulares de prevención de cada centro directivo e entidade instrumental.
- g) No Consorcio, compromiso de facilitar asesoramento e colaboración aos entes consorciados con fin de promover e divulgar a cultura de integridade nas relacións que con estes se establezan.

1.3.2. Medidas de detección:

- a) Elaboración e implantación o plan de prevención riscos da Consellería, que avalíe os indicadores que poidan supoñer un risco de eventual fraude propio do seu tipo de actividade.
- b) Habilitación e difusión dunha canle de denuncias, prevista no presente plan, que protexa a aquelas persoas que presenten denuncias relativas ao incumprimento da política de integridade corporativa.
- c) Exame dos riscos potenciais nas áreas con maior probabilidade de riscos de conformidade cos catálogos de riscos e medidas aprobados no documento técnico "Catálogo de riscos por área de actividade" aprobado polo Consello de Contas.
- d) Estender nos modelos de bases de subvencións, e nos modelos de pregos de cláusulas administrativas de contratación, a inclusión de



medidas antifraude que permitan previr ou detectar situacións de riscos.

- e) Establecemento de ferramentas informáticas de prospección e puntuación de eventuais riscos por parte dos órganos encargados de realizar controis e auditorías dos fondos.
- f) No ámbito do Consorcio, establecer nos convenios asinados cos concellos consorciados e/ou, de ser o caso, nos pregos de cláusulas administrativas de contratación, a inclusión de medidas antifraude que permitan previr ou detectar situacións de riscos.

1.3.3. Medidas de corrección:

- a) Realizaranse as modificacións no plan cando se detecten incidencias ou resultados de auditoría.
- b) Modificación de plans específicos de prevención e medidas antifraude en función dos feitos ou incidentes detectados polas auditorías.
- c) Instrución e resolución das irregularidades que sexan denunciadas
- d) Suspende a tramitación de proxectos nos que se teñan detectados supostos de fraude que non consistan en meras irregularidades administrativas, e de ser o caso instar a retirada do financiamento comunitario de todos aqueles expedientes nos que se identifique a incidencia detectada.
- e) Comunicar ás unidades executoras as medidas necesarias a adoptar para emendar a debilidade detectada, de forma que as incidencias atopadas non volvan repetirse.
- f) Modelos para a comunicación aos superiores da existencia dun conflito de intereses, que debe resolver por escrito a avaliación da concorrencia dun conflito de intereses.
- g) A comunicación de incidencias poderase realizar directamente ás persoas titulares dos órganos dos que dependa o persoal que será o responsable encargado de comunicar os feitos á Consellería e aos



órganos transversais previstos no plan xeral. Tamén se encontra a disposición do persoal o mecanismo que garante o anonimato da persoa denunciante, segundo o descrito no punto 2.3.1 deste plan.

- h) A entidade afectada por un eventual incidente de fraude deberá avaliar a incidencia e a cualificación da fraude como sistémica o puntual e, de ser o caso, retirar os proxectos ou a parte dos proxectos afectados pola fraude e financiados ou a financiar polo PRTR.

1.3.4. Medidas de persecución:

- a) Inicio dos procedementos de reintegro cando produzan menoscabo nos recursos públicos ou fosen declaradas irregulares as actuacións.
- b) Establecemento dun protocolo interno a seguir coas denuncias presentadas a través da canle de denuncias e, de ser o caso, dar traslado da denuncia o Consello de Contas, ao Servicio Nacional de Coordinación Antifraude; á OLAF, ou mesmo á Fiscalía ou ós tribunais de xustiza, segundo proceda.
- c) Establecemento dos órganos que trasladen os feitos afectados por fraude, sospeita de fraude ou das medidas adoptadas ás autoridades decisorias ou á autoridade responsable.
- d) Cando as actuacións detectadas constitúan prácticas colusorias contrarias á competencia, remitir a investigación e eventual sanción á Comisión Galega da Competencia.
- e) Tramitación do procedemento de información reservada previo, se é o caso, á apertura dun procedemento disciplinario á persoa presunta infractora, que será tramitado polos órganos competentes conforme á normativa en materia de réxime disciplinario.
- f) As incidencias detectadas perseguiranse polos órganos transversais especificados no plan xeral da Xunta de Galicia.



1.4. Funcións e responsabilidades na xestión dos riscos

1.4.1. A consellería

A Consellería de Política Social asume o compromiso de aplicar a medidas deste plan coa máxima dilixencia e implantar, nos procesos que lle son propios, as medidas e niveis de control que permitan unha eficaz execución dos fondos dos que son responsables nun contexto de integridade e prevención da loita contra a fraude nos termos establecidos na normativa europea.

O compromiso da Consellería coa política de integridade e prevención de riscos establecida no presente plan formalizárase asinando a proposta de aprobación deste plan específico polo órgano de dirección da mesma.

Este plan integrarase cos dos restantes centros directivos e entidades adscritas. A incorporación de máis centros directivos e entidades instrumentais, ou a actualización dos plans xa integrados suporá a modificación, por addenda, do plan de prevención de riscos da Consellería.

Unha vez aprobado o plan da Consellería, que agrupará os dos diferentes centros directivos e das entidades instrumentais será remitido á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa para ser publicados no portal de transparencia.

1.4.1.1 Declaración de cumprimento dos órganos responsables.

Como órgano responsable da execución de fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia emítase a Declaración de xestión prevista na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (en diante, Orde HFP 1030/2021) coa periodicidade que se determine, que se adxunta a este plan co seguinte contido:



<<En fecha XXXXXX, esta Consellería manifiesta que los fondos se han utilizado para los fines previstos y se han gestionado de conformidad con todas las normas que resultan de aplicación, en particular las normas relativas a la prevención de conflictos de intereses, del fraude, de la corrupción y de la doble financiación procedente del Mecanismo y de otros programas de la Unión y de conformidad con el principio de buena gestión financiera. Asimismo, manifiesta la veracidad de la información contenida en el informe en relación con el cumplimiento de hitos y objetivos, y confirma que no se han revocado medidas relacionadas con hitos y objetivos anteriormente cumplidos satisfactoriamente, atendiendo a lo establecido en el apartado 3 del artículo 24 del Reglamento (UE) 241/2021 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 12 de febrero de 2021, por el que se establece el Mecanismo de Recuperación y Resiliencia.>>

1.4.1.2. Persoas ou unidades responsables de integridade e prevención de riscos na consellería.

Esta consellería designará unha persoa ou unidade que actúe como órgano responsable de integridade e prevención de riscos que velará polo cumprimento das medidas incluídas neste plan, actuará como interlocutora cos órganos/unidades transversais encargados do seu cumprimento e informará directamente aos órganos superiores de eventuais incidencias que poidan acontecer en relación coa aplicación do plan.

Sempre que sexa posible, a persoa ou unidade será a mesma que actualmente desempeña a función de responsable de coordinación da calidade e da transparencia (antigos responsables de transparencia) designada por acordo do Consello da Xunta do 17 de xuño de 2021.



2. COMPROMISO DE INTEGRIDADE E MARCO ÉTICO DA INTEGRIDADE INSTITUCIONAL

As medidas e accións incluídas neste plan son de aplicación a toda a Consellería e constitúense en alicerces da política antifraude e nos elementos que sustentan a integridade da acción pública.

2.1. Medidas relativas ao compromiso institucional coa integridade, coa ética pública e coas medidas antifraude.

Acción 2.1.1. A manifestación expresa dos responsables públicos

Os altos cargos da consellería asumen como guía da súa conduta o compromiso principal distintivo de que a súa actuación non só require o cumprimento estrito da legalidade senón que precisa, ademais, dunha demostración diaria de ética, exemplaridade e honorabilidade no desempeño da responsabilidade que supón xestionar os recursos que son patrimonio de todos as galegas e os galegos, e o deber de salvagardar a imaxe e reputación das institucións autonómicas.

Con independencia do anterior, todos os altos cargos que participan no proceso de elaboración, proposta ou aprobación deste plan realizarán unha manifestación de compromiso co Código Ético e de comportamento íntegro e de loita contra a fraude en termos semellantes ás realizadas na declaración institucional do plan xeral.

Acción 2.1.2. As referencias á integridade na planificación estratéxica

Cando un centro directivo/entidade instrumental da Consellería de Política Social aprobe ou propoña a aprobación dun instrumento de planificación incluírá unha manifestación expresa de que súa xestión se realizará de conformidade cos mecanismos de integridade que sexan de aplicación en cada suposto, e de ser o caso, unha análise dos riscos de xestión que poida implicar a adopción do instrumento de planificación, ben mediante unha mención



específica ou ben co recurso a elementos ou riscos e medidas descritos no plan xeral de prevención.

Acción 2.1.3. A difusión e a formación en materia de integridade institucional

O presente plan será difundido entre o persoal da Consellería, adicionalmente divulgarase a través do portal de transparencia da Xunta de Galicia.

Periodicamente, os altos cargos recibirán formación en materia de liderado ético e nas políticas de integridade institucional.

2.2. Medidas relativas ao sistema de prevención de conflitos de interese.

Acción 2.2.1. Réxime xeral do conflito de intereses

Os altos cargos da Consellería sométense ás prescricións do artigo 43 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno en todo o relativo ao réxime aplicable aos conflitos de intereses.

Así mesmo, ateranse na súa actuación aos principios recollidos no apartado IV do Código ético Institucional, ou instrumento xurídico que o substitúa ou desenvolva, e ás previsións existentes no mesmo Código respecto dos regalos, as dádivas, as mostras de cortesía e as atencións protocolarias.

Acción 2.2.2. Réxime especial do conflito de intereses para os altos cargos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

De conformidade coa Orde HFP/1030/2021, os altos cargos intervinientes na preparación, tramitación ou aprobación dun procedemento de subvencións ou contratación deixarán constancia por escrito no expediente da seguinte declaración:





<<Al objeto de garantizar la imparcialidad en el procedimiento de contratación/subvención arriba referenciado, el/los abajo firmante/s, como participante/s en el proceso de preparación y tramitación del expediente, declara/declaran:

Primero. Estar informado/s de lo siguiente:

1. Que el artículo 61.3 «Conflicto de intereses», del Reglamento (UE, Euratom) 2018/1046 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 18 de julio (Reglamento financiero de la UE) establece que «existirá conflicto de intereses cuando el ejercicio imparcial y objetivo de las funciones se vea comprometido por razones familiares, afectivas, de afinidad política o nacional, de interés económico o por cualquier motivo directo o indirecto de interés personal.»

2. Que el artículo 64 «Lucha contra la corrupción y prevención de los conflictos de intereses» de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, tiene el fin de evitar cualquier distorsión de la competencia y garantizar la transparencia en el procedimiento y asegurar la igualdad de trato a todos los candidatos y licitadores.

3. Que el artículo 23 «Abstención», de la Ley 40/2015, de 1 octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, establece que deberán abstenerse de intervenir en el procedimiento «las autoridades y el personal al servicio de las Administraciones en quienes se den algunas de las circunstancias señaladas en el apartado siguiente», siendo éstas:

a) Tener interés personal en el asunto de que se trate o en otro en cuya resolución pudiera influir la de aquél; ser administrador de sociedad o entidad interesada, o tener cuestión litigiosa pendiente con algún interesado.

b) Tener un vínculo matrimonial o situación de hecho asimilable y el parentesco de consanguinidad dentro del cuarto grado o de afinidad dentro del segundo, con cualquiera de los interesados, con los administradores de entidades o sociedades interesadas y también con los asesores, representantes legales o mandatarios que intervengan en el procedimiento, así como compartir despacho profesional o estar asociado con éstos para el asesoramiento, la representación o el mandato

c) Tener amistad íntima o enemistad manifiesta con alguna de las personas mencionadas en el apartado anterior.

d) Haber intervenido como perito o como testigo en el procedimiento de que se trate.

e) Tener relación de servicio con persona natural o jurídica interesada directamente en el asunto, o haberle prestado en los dos últimos años servicios profesionales de cualquier tipo y en cualquier circunstancia o lugar».

Segundo. Que no se encuentra/n incurso/s en ninguna situación que pueda calificarse de conflicto de intereses de las indicadas en el artículo 61.3 del Reglamento Financiero de la UE y que no concurre en su/s persona/s ninguna causa de abstención del artículo 23.2 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público que pueda afectar al procedimiento de licitación/concesión.



Tercero. Que se compromete/n a poner en conocimiento del órgano de contratación/comisión de evaluación, sin dilación, cualquier situación de conflicto de intereses o causa de abstención que dé o pudiera dar lugar a dicho escenario.

Cuarto. Conozco que, una declaración de ausencia de conflicto de intereses que se demuestre que sea falsa, acarreará las consecuencias disciplinarias/administrativas/judiciales que establezca la normativa de aplicación.

(Fecha y firma, nombre completo y DNI)

A verificación da dita declaración realizarase no momento da aprobación das bases ou do expediente de contratación. A mesma declaración incluírase tamén no momento de aprobación da resolución de concesión ou de adxudicación do contrato.

Acción 2.2.3. Réxime especial do conflito de intereses para os funcionarios públicos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

Os funcionarios públicos, e de ser o caso, o restantes empregados públicos que interveñan na redacción de bases reguladoras de subvencións ou da elaboración das prescricións técnicas e das cláusulas administrativas de contratos que vaian a ser financiados con fondos derivados do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, deixarán constancia nos respectivos expedientes dunha declaración asinada nos mesmos termos que no apartado anterior (acción 2.2.2). A verificación deste extremo realizárase no momento de aprobación das bases ou do expediente de contratación.

Do mesmo xeito, os funcionarios que interveñan nas comisións de baremación de subvencións ou nas mesas de contratación de expedientes financiados cos mesmos fondos deixarán constancia na acta de constitución da comisión ou da mesa dos extremos referidos na declaración anterior. A verificación deste extremo realizárase con carácter previo á resolución de concesión das axudas ou de adxudicación do contrato.



2.3. Medidas referidas ás canles de denuncias de irregularidades ou condutas de fraude

Acción 2.3.1. Difusión da canle de denuncias

A Consellería de Política Social difundirá a existencia dunha canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) (https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES) no que se garantirá que a presentación de denuncias, que precisará da identificación electrónica da persoa denunciante para evitar suplantacións ou denuncias automatizadas, será tratada pola administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade do denunciante.

Así mesmo, a canle poderá ser utilizada por empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle poderanse denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

2.4 Formación e compromiso coa competencia profesional dos empregados públicos

A formación en materia de integridade debe de converterse nunha ferramenta de sensibilización, de coñecemento e de propagación dunha cultura administrativa baseada en comportamentos éticos.

A Consellería asume o compromiso de favorecer a participación do seu persoal nas medidas de formación previstas no Programa Marco de Integridade Institucional que se desenvolverán coa colaboración da EGAP e diversificando os destinatarios entre os contidos xerais para todos os empregados e contidos dirixidos especialmente a altos cargos, niveis directivos intermedios e persoal



de áreas específicas de risco, en particular o que xestione expedientes financiados con fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

Acción 2.4.1. Formación específica nos centros directivos/entidades instrumentais da Consellería que xestionen fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

En función das necesidades e no momento que se estime oportuno, a Consellería poderá solicitar da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa que elabore unha formación específica en materia de integridade, destinada ao persoal que xestione estes fondos.

3. IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE

3.1. Medidas relativas ao diagnóstico e análise dos riscos xerais da organización.

3.1.1. Definición do risco e asunción dos riscos xerais da organización

Defínese o risco como a incidencia da incerteza sobre a consecución dos obxectivos dunha organización, e entenderase por administración de riscos o proceso sistemático que deben realizar as institucións para avaliar os riscos aos que están expostas no desenvolvemento das súas actividades, mediante a análise dos distintos factores que poden provocalos e coa finalidade de definir as estratexias que permitan controlalos, asegurando o logro dos obxectivos e metas dun xeito razoable.

A Consellería asume como riscos propios os determinados no epígrafe "Catálogo de riscos xerais e medidas atenuantes que afectan ao conxunto da organización" que figura no plan xeral.



Tendo en conta as singularidades da Consellería, non se diagnosticaron riscos nestas áreas diferentes aos riscos xerais incluídos no devandito catálogo, en particular nas áreas de contratación e subvencións.

3.2. Medidas para a aprobación dun plan de prevención de riscos e medidas antifraude por cada centro xestor

Acción 3.2.1. Metodoloxía para a avaliación do risco

A consellería elaborou este plan específico de conformidade con metodoloxía prevista na Guía da Comisión Europea sobre auto avaliación de risco de fraude.

Na **primeira fase** definíronse os obxectivos da Consellería de Política Social e a relación daqueles procesos ou actividades que son precisos para acadalos.

A) Actividades principais

A.1. Actividade regulatoria

A.2. Actividade de autorización

A.2. Actividade de prestación de servizos

B) Actividades de apoio

B.1. Xestión de persoal (recursos humanos)

B.2. Contratación administrativa

B.3. Xestión de subvencións

B.4. Encomendas de xestión

Na **segunda fase** identificáronse os riscos que poden afectar á Consellería. Enténdese por factores de risco as situacións ou circunstancias que incrementan a probabilidade de que se produzan incumprimentos (operativos,



normativos, éticos, falta de fiabilidade da información) ou prácticas de fraude propiamente ditas no seo dun centro directivo/entidade instrumental.

Factores de risco externos:

Debilidades no marco normativo necesario para fortalecer a integridade e a loita contra a fraude

Cambios reguladores importantes

Cambios nos altos cargos da organización

Factores de risco internos ou institucionais:

Inadecuación ou debilidade dos mecanismos internos de supervisión

Ausencia de sistemas de alerta para o caso de que se produzan irregularidades

Factores de risco individuais:

Relación inadecuadas cos clientes.

Falta de experiencia ou de formación

Inadecuada supervisión do traballo

Factores de risco procedementais:

Falta de claridade na distribución de competencias

Ausencia de controis verticais e horizontais dos procedementos)

Adicionalmente, pódense considerar riscos que provocarían os procesos máis susceptibles de sufrir fraude, segundo o ANEXO III. C.2.b) i E da Orde HFP/1030/2021, os seguintes:



- I. Identificación de operacións que son máis susceptibles da fraude, como poden ser aquelas con alta intensidade, alto orzamento, moitos requisitos para xustificar polo solicitante, controis complexos, etc.
- II. Identificación de posibles conflitos de intereses.
- III. Resultados de traballos previos de auditorías internas.
- IV. Resultados de auditorías da Comisión Europea ou do Tribunal de Contas Europeo, no seu caso.
- V. Casos de fraude detectados con anterioridade

Teoricamente é posible pensar nun gran número de posibles riscos. Porén, a soa identificación de moitos “riscos” menores podería paralizar a dirección e impactar negativamente no seu compromiso coas accións propostas neste plan. Parece, polo tanto, máis adecuado centrarse nun número limitado de riscos, polo que se acoutou a análise aos riscos máis relevantes ou que pola súa natureza poderían ter maior impacto na organización, para evitar a dispersión de esforzos, xa que para a maioría destes riscos a súa probabilidade e o seu impacto son baixos.

Na **terceira fase** procedeuse á gradación do risco. Definiuse o risco bruto como o nivel de risco sen ter en conta o efecto dos controis ou medidas existentes ou previstos no futuro.

A cuantificación do risco baséase nunha combinación da estimación da «probabilidade» do risco (ata que punto é probable que aconteza) e o seu «impacto» (que consecuencias pode ter) dende os puntos de vista financeiro e non financeiro. Para asegurar a coherencia da avaliación na determinación da probabilidade do risco estableceuse un horizonte temporal de cinco anos.

O impacto do risco mediuse de acordo coa seguinte puntuación



Puntuación	Impacto na reputación	Impacto nos obxectivos
1	Impacto limitado	Traballo adicional que supón o atraso doutros procesos
2	Impacto medio	Retrasa a consecución dun obxectivo operativo
3	Impacto significativo (por exemplo un suposto de fraude grave ou afecta a múltiples beneficiarios)	Pon en perigo a consecución dun obxectivo operativo ou atrasa un estratéxico
4	Impacto grave que supón investigación oficial ou unha percepción negativa nos medios de comunicación	Pon en perigo a consecución dun obxectivo estratéxico

A probabilidade do risco mediuse de acordo coa seguinte puntuación

Puntuación	Probabilidade
1	Pode acontecer en moi poucos casos
2	Pode acontecer ocasionalmente en algún momento
3	É moi probable que aconteza
4	Acontecerá con frecuencia

A cuantificación do risco resultou da aplicación de ambas valoracións coa seguinte escala:

Valor da puntuación resultante	Nivel de risco
Puntuación entre 1 e 3	Risco aceptable (verde)
Puntuación entre 4 e 6	Risco importante (amarelo)
Puntuación entre 8 e 16	Risco grave (vermello)

As medidas atenuantes que corrixan ou minimicen o impacto ou a probabilidade son semellantes ás que figuran nas medidas xerais de atenuación de riscos de contratación e subvencións que figuran no plan xeral. Porén, en función da puntuación acadada na avaliación de risco, o centro directivo/entidade instrumental propón as medidas que en función dos riscos analizados minimicen o risco.



Así, o centro xestor valorará as medidas de -1 a -4 en función de que minimicen o impacto do risco ou de -1 a -4 en función de que minimicen a probabilidade de que aconteza o risco.

O resultante de ditas puntuacións definen o risco neto como aquel nivel de risco resultante de aplicar os valores negativos das medidas e da súa eficacia.

A puntuación da medidas que minoran o risco é a seguinte:

Nivel de implantación de controis existentes	Minoración no risco inicial
N1_Sen medidas: A medida non existe, ao menos ata onde existe coñecemento	0
N2_Medidas parciais: A medida existe, pero non está implantada ou é ineficaz	1
N3_Medidas parciais: A medida existe, pero non é completamente eficaz	2
N4_Con medidas: A medida existe, e considérase eficaz	3

En consecuencia, o risco neto deriva das seguintes operacións:

Riscos	Valor probab.	Valor gravid.	Gradación do risco (antes de medidas)	Medidas			Valoración de risco
				N1	N2	N3	
Risco 1	7	5	6,0	X			Risco importante
Risco 2	4	8	6,0			X	Risco aceptable
Risco 3	1	6	3,5			X	Risco aceptable

Acción 3.2.3. Listaxes de verificación na aprobación dos expedientes financiados con PRTR

O Consellería de Política Social incluirá en cada un dos expedientes de subvencións ou contratación que xestione, que sexan financiados con fondos PRTR, unha folla de verificación na que se incluírán as medidas antifraude que se inclúen no expediente que se tramita.

Esta verificación servirá de base para a declaración sinalada no punto 1.4.2.1. que realizarán os titulares das Secretarías Xerais Técnicas.



A lista incluirá as seguintes verificacións:

Área	Medidas que se incorporan no expediente	Verificación. Grao de cumprimento valora de 1 a 4
Contratación e subvencións	Dispónse dun plan de prevención de riscos e medidas antifraude ?	4
Contratación e subvencións	Dispónse dunha declaración ao máis alto nivel de loita contra a fraude ?	4
Contratación e subvencións	O plan de prevención é coñecido polo persoal que tramita o expediente ?	1-4
Contratación e subvencións	Existe un plan de avaliación de riscos que identifique probabilidade, impacto e medidas de minimización ?	4
Contratación e subvencións	O persoal que tramita o expediente coñece o Código Ético e a normativa sobre regalos ?	1-4
Contratación e subvencións	O persoal tramitador ten recibido formación sobre integridade ?	1-4
Subvencións	Existe declaración de ausencia de conflito de intereses do persoal que elabora as bases de subvención?	1-4
Subvencións	Existe declaración de ausencia conflitos de intereses do persoal que conforma a comisión de baremación	1-4
Subvencións	Existe declaración de ausencia de conflito de interese do alto cargo que xestiona a convocatoria e resolución das subvencións?	1-4
Subvencións	Nas bases inclúense medidas para evitar o dobre financiamento?	1-4
Contratación	Existe declaración de ausencia de conflito de intereses do persoal que elabora os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas da contratación?	1-4
Contratación	Existe declaración de ausencia conflitos de intereses do persoal que conforma a mesa de contratación?	1-4
Contratación	Existe declaración de ausencia de conflito de interese do alto cargo responsable que aproba a contratación?	1-4
Contratación e subvencións	Existe unha canle para presentar denuncias ?	4



Contratación e subvencións	O centro directivo/entidade instrumental dispón dun mecanismo de bandeiras vermellas ?	4
Contratación e subvencións	Existe un órgano encargado de examinar as denuncias e propor medidas ?	4
Contratación e subvencións	Cando se detecta un fraude avalíase e propóñense medidas?	1-4

Acción 3.2.4. Mecanismos de detección a través de "bandeiras vermellas"

As bandeiras vermellas son sinais de alarma, pistas ou indicios de posible fraude que non implican necesariamente a existencia do mesmo. A verificación delas polo órgano xestor, polos órganos transversais, como os letrados no exercicio da súa función de verificación ou, no seu caso, polos equipos de auditoría, dará lugar á modificación do plan desta Consellería e a implantación ou modificación das medidas establecidas nel.

Ámbitos	Indicios	Revisión	Órgano revisor
Pregos reitores do procedemento amañados a favor dun licitador	Presentación dunha única oferta ou número anormalmente baixo de proposicións optando á licitación	Trimestral	Órgano xestor
	Extraordinaria similitude entre os pregos reitores do procedemento e os produtos o servizos do contratista gañador	Trimestral	Órgano xestor
	Queixas doutros licitadores	Trimestral	Órgano xestor
	Pregos con prescricións máis restritivas ou máis xerais que as aprobadas en procedementos previos similares	Trimestral	Órgano xestor
	Pregos con cláusulas non comúns ou pouco razoables	Trimestral	Órgano xestor
	O poder adxudicador define un produto dunha marca concreta en lugar dun produto xenérico	Trimestral	Órgano xestor
Licitacións colusorias	A oferta gañadora é demasiado alta en comparación coas listas de prezos públicas, con obras ou servizos similares o promedios da industria, ou con prezos de referencia do mercado	Trimestral	Órgano xestor
	Todos os licitadores ofertan prezos altos de forma continuada	Trimestral	Órgano xestor
	Os prezos das ofertas baixan bruscamente cando novos licitadores participan no procedemento	Anual	Auditoría
	Os adxudicatarios se reparten ou alternan por rexión, tipo de traballo, tipo de obra	Anual	Órgano xestor
	O adxudicatario subcontrata aos licitadores perdedores	Anual	Órgano xestor
	Existen patróns de ofertas pouco usuais (por exemplo, as ofertas teñen porcentaxes exactas de rebaixa, a oferta gañadora está xusto debaixo do limiar de prezos aceptables, ofértase exactamente ao valor do orzamento do contrato, os prezos das ofertas son demasiado altos, demasiado próximos, moi distintos, números redondos, incompletos, etc.);	Anual	Auditoría
Conflicto de interese	Favoritismo inexplicable ou inusual dun contratista ou vendedor en particular	Anual	Órgano xestor
	Aceptación continua de altos prezos e traballo de baixa calidade etc.	Anual	Órgano xestor
	Un empregado encargado da contratación non presenta declaración de conflito de interese	Trimestral	Órgano xestor
	O empregado encargado de contratación declina o ascenso a unha posición na que deixa de ter participación nos procedementos de contratación	Anual	Órgano xestor
	Empregado encargado de contratación parece facer negocios propios pola súa conta	Anual	Órgano xestor



	Excesiva socialización entre un empregado encargado de contratación e un proveedor	Anual	Órgano xestor
Manipulación de ofertas	Queixas dos licitadores e falta de control adecuado nos procedementos de licitación	Trimestral	Órgano xestor
	Licitador excluído por causas dúbidasas ou exceso de declaración de procedementos desertos	Anual	Órgano xestor
Riscos de fraccionamento	Aprécianse dúas ou máis adquisicións con similar obxecto efectuadas a idéntico adjudicatario por debaixo dos límites admitidos para a utilización de procedementos de adjudicación directa ou dos limiares de publicidade ou que exixirían procedementos con maiores garantías de concorrencia	Anual	Auditoría
	Separación inxustificada das compras, por exemplo, contratos separados para man de obra e materiais, estando ambos por debaixo dos limiares de licitación aberta	Anual	Auditoría
	Compras secuenciais xusto por debaixo dos limiares de publicidade das licitacións	Anual	Auditoría
Risco de limitación da concorrencia en subvencións	Falta de difusión nos medios obrigatorios establecidos Requisitos dos beneficiarios/destinatarios ambiguos Ausencia de publicación de baremos	Anual	Órgano xestor
Risco de trato discriminatorio na selección de beneficiarios	Non se segue un criterio homoxéneo para a selección de beneficiarios	Anual	Órgano xestor
Risco de incorrer en imparcialidade derivada de situacións de conflitos de intereses nas axudas	Trato preferente a determinadas solicitudes Presións manifestas sobre outros membros do comité	Anual	Órgano xestor
Risco de aplicación dos fondos a finalidades diferentes a aquelas para os que foron concedidos (desviación de obxecto)	Fondos que non atenden á finalidade ou obxectivo das bases	Anual	Órgano xestor
Risco de dobre financiamento (incumprimento adicionalidade)	Recepción de importes fixos no lugar de porcentaxes do gasto Varios cofinanciadores que financian a mesma operación Non existe documentación soporte das aportacións realizadas por terceiros Financiación non finalista e sen criterios de reparto	Anual	Órgano xestor
Risco de falsidade documental	Incorrecta información presentada polos solicitantes de axudas Ocultación de información con obriga de remitir á Administración Manipulación na xustificación de gastos (Custos laborais rateados incorrectamente/ou duplicados en distintos proxectos)	Anual	Órgano xestor
Risco de perda da pista de auditoría	Incorrecta documentación das operacións subvencionadas Imprecisión na convocatoria da forma de documentar os gastos Imprecisión na definición de gastos elixibles Imprecisión no método do cálculo dos custos	Anual	Órgano xestor



4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

4.1. Seguimento, supervisión e avaliación

A Consellería realizará un control periódico para verificar o cumprimento das regras do plan e os seus efectos prácticos. Dita labor pode ser efectuada pola persoa ou unidade do responsable da integridade e prevención de riscos ou Servizo de Xestión Económica, segundo o centro directivo de que se trate.

O seguimento realizarase anualmente e basearase nas respostas, que poden ser efectuadas a través de formularios, do persoal e altos cargos das unidades que xestionan os ditos procesos e sobre o grao de aplicación das medidas e dos mecanismos de control.

Este seguimento pode ser realizado a través das listas de verificación dos expedientes tramitados no ano anterior ao seguimento.

No marco das súas funcións de asistencia, a Asesoría Xurídica informará aos organismos encargados de vixiar o funcionamento e observancia do plan de prevención dos incumprimentos que observe e asesoraraos cando así o soliciten.

Con independencia da periodicidade anual, sempre que se teña detectado un risco, como consecuencia de reclamacións ou cando se reciban os resultados das auditorías efectuadas polos órganos de control, procederase a un seguimento das medidas incluídas no plan.

Non caso de que se materialice un acto contrario á integridade, de fraude ou de corrupción o centro directivo analizará os feitos ocorridos e determinará as modificacións que deben realizarse na estruturas e nos procesos de control.

4.2. Actualización e revisión

Cando se detecten resultados de auditorías ou feitos derivados de reclamacións ou queixas das que se poidan derivar indicios de irregularidades



ou melloras que se poidan implantar nos procedementos, procederase a unha actualización do plan.

Anualmente, con ocasión do seguimento do plan, procederase a valorar a necesidade de realizar unha actualización de procedementos, de avaliación de riscos ou de implantación de medidas.

4.3. Comunicación e difusión

O plan difundirase entre todo o persoal, especialmente entre o que integre as unidades que tramiten os expedientes de subvencións ou contratación.

Tamén será obxecto de comunicación cando se produzan novas incorporacións de persoal nas unidades.

